



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

FRANCISCO AYASO BRETAL, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación coa **gabarra “Yamburg”, encallada en Corrubedo.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 19 de xaneiro encallaba na praia de Balieiros (Corrubedo) a gabarra “Yamburg”. Esta barcaza era remolcada dende o porto grego do Pireo até Tallín (Estonia) cando o forte temporal que facía eses días a arrastrou ata as rochas da praia de Balieiros, concretamente a unha zona conocida como As Cobas. Trátase dunha plataforma de máis de 30 metros e con unha grúa de grandes dimensións.

Os informes da Capitania Marítima aconsellan desmontar a nave desde terra por non haber perigo de vertidos, pero dende entón, a gabarra segue varada no mesmo sitio. Uns días despois deste incidente, a Capitania Marítima indicaba que a armadora propietaria tiña que depositar un aval diante de facenda nun prazo dunha semana, para que no caso de que os propietarios non se fixeran cargo do coste, o Estado pudiera acometer o seu desguace.

Tanto salvamento como a Capitania señalaban que unha vez resolta a tramitación burocrática, procederíase a desmontar a gabarra. Sen embargo, transcurridos oito meses a situación segue a estar igual, a gabarra ocupando unha zona de importante valor natural e paisaxístico, e o enorme impacto que eso provoca nun entorno único como e o de Corrubedo.

A situación preocupa os mariscadores e percebeiros da zona, dado que está encallada nunha área relevante productiva de percebe. Catro meses máis tarde de encallar na zona mencionada, e cos movementos das mareas, a barcaza xa provocou a ruptura de varias áreas rochosas onde se cría o percebe. Ademais, según pasa o tempo o deterioro da gabarra é evidente e o seu estado empeora, tamén se teme que o óxido afecte ós bancos de marisco.

Polo tanto, antes de que comence o inverno, sería convinte que a Administración actuara e procedese a desguazar esta barcaza.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Que o Goberno Municipal faga as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza para que inste o Goberno do Estado a retirar a gabarra “Yamburg” da zona de Corrubedo**
- 2. Que o Sr. Alcalde como Senador en Madrid tamén faga as xestións pertinentes para a retirada desta barcaza o antes posibel.**

Ribeira, 18 de setembro de 2009

Asdo.: Francisco Ayaso Bretal

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA